



DECRETO.- Ourense, 28 de febreiro de 2018.

Unha vez visto que, trala modificación da Relación de Postos de Traballo de 2017 realizada por acordo do Pleno do día 28 de abril de 2017 figura dentro da plantilla de persoal eventual desta Deputación o seguinte posto:

-Técnico medio de asesoramento ao Grupo Político de Democracia Ourenzana. Número de postos: 2. Clase de persoal: persoal eventual asimilado ao subgrupo A2. Complemento de destino: nivel 26. Complemento específico: 14.396,48 euros. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo de Democracia Ourenzana. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

Unha vez visto que o día 4 de maio de 2017 esta Presidencia ditou resolución na que se nomeaba como persoal eventual a don Germán López Vázquez coa categoría de técnico medio de asesoramento ao Grupo Político de Democracia Ourenzana.

Unha vez visto o escrito presentado polo portavoz do grupo político de Democracia Ourenzana, no que propón o cese de don Germán López Vázquez e o nomeamento de dona Zaida María Alejos Garrido.

Considerando que o artigo 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual.

Polo exposto, DISPOÑO:

1. Declarar o cese de don Germán López Vázquez con efectos do vinte e oito de febreiro de dous mil dezaioito.

2.- Nomear como persoal eventual desta Deputación Provincial a dona Zaida María Alejos Garrido con NIF 34971190N, coa categoría de técnico medio de asesoramento ao Grupo Político de Democracia Ourenzana, asimilada ao subgrupo A2, aboándosele as pertinentes retribucións con cargo aos orzamentos desta Corporación e debendo tomar posesión do referido cargo, con efectos do 1 de marzo de 2018.

2.- Publíquese a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Mándao e asínao o Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial de Ourense, don José Manuel Baltar Blanco. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,